



Orde do...de de 2016, pola que se regula a organización, funcionamento e composición da Mesa da Madeira

O artigo 100 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia crea a Mesa da Madeira como un órgano colexiado de representación sectorial, debuxando as liñas mestras no que a súa composición e funcións respecta. No apartado 3 do citado artigo establécese un mandato para que a súa organización, funcionamento e composición se determine regulamentariamente mediante orde.

O sector forestal é un dos piares fundamentais do tecido económico e social na comunidade autónoma de Galicia. As, aproximadamente, 3.000 empresas do sector presentan un nivel de facturación global que rolda os 1.750 millóns de euros, dos que máis do 40% se refiren ás exportacións, sendo a comunidade autónoma líder en exportacións de produtos madeireiros, cunha cota de mercado que representa o 26% das exportacións a nivel nacional. Na actualidade, o sector ocupa a un número aproximado de 70.000 persoas, entre postos de traballo directos e indirectos, o que ofrece unha boa medida da magnitude e importancia que presenta a madeira como un dos principais activos galegos.

Ademais das funcións que o artigo 100 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, lle outorga á mesa da madeira, compre outorgarlle funcións de información ao sector, porque tanto os profesionais, así como os consumidores, necesitan ser informados acerca das características económicas, técnicas e ambientais da madeira, como materia prima renovable, reciclable e amigable co medio e con capacidade para incrementar o seu uso nos sectores da construción e do interiorismo.

Porén, compre establecer mecanismos de diálogo entre a Administración pública e os principais axentes do sector madeireiro coa fin de aportar iniciativas e solucións que permitan consolidar, dinamizar e potenciar as posibilidades dunha das materias primas máis importantes e abundantes no noso territorio, axustando a súa relevancia como fonte de riqueza aos criterios da xestión forestal sostible.

Na tramitación desta disposición foi consultado o Consello Forestal de Galicia.

En consecuencia, de conformidade co ditame/oído o Consello Consultivo de Galicia, en uso das facultades que me confiren os artigos 34.6 e 38 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:



Artigo 1. *Obxecto e natureza xurídica*

1. A presente orde ten por obxecto regular a organización, o funcionamento e a composición da Mesa da Madeira, creada de conformidade co artigo 100 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

2. A Mesa da Madeira configúrase como un órgano colexiado de carácter consultivo e asesor, integrado pola Administración autonómica, polas organizacións de propietarios forestais, polas organizacións das empresas de servizos e produtos forestais e polas organizacións das empresas e industrias de transformación de produtos forestais leñosos.

Artigo 2. *Finalidades*

As finalidades e obxectivos da Mesa da Madeira son:

- a) Promover as relacións entre os sectores de produción, comercialización e transformación da madeira e da biomasa forestal.
- b) Realizar unha análise e un seguimento periódicos dos mercados de madeira, da produción e das necesidades da industria forestal.
- c) Intercambiar información actualizada sobre o estado fitosanitario das masas forestais galegas e sobre as medidas fitosanitarias de loita e de prevención.
- d) Propoñer liñas de fomento e mellora no sector da madeira, así como liñas prioritarias de investigación, planificación e actuación en materia da prevención e loita contra pragas e doenzas forestais.
- e) Promover e divulgar o uso da madeira como material renovable e respectuoso co medio ambiente e dar a coñecer a súa contribución á loita contra o cambio climático.
- f) Promover a investigación, especialmente das técnicas silvícolas e no papel que xogan os bosques na mitigación no cambio do clima, así como o uso da madeira e biomasa, e a relación entre o bosque e a auga e o solo, a flora e os ciclos de nutrientes do bosque.
- g) Mellorar a información sobre os montes, sobre o tecido industrial baseados neles e tamén mellorar as calidades de produtos de bosque.
- h) Calquera outra finalidade que a Mesa da Madeira entenda que pode redundar en beneficio do sector madeireiro.



Artigo 3. *Composición*

1. A Mesa da Madeira estará composta pola presidencia e por quince vogais.
2. 2. A composición da Mesa da Madeira atenderá, sempre e cando sexa posible, a criterios de equilibrio efectivo entre homes e mulleres de conformidade co previsto na Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres, na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade definitiva entre homes e mulleres e demais normativa que resulte de aplicación nesta materia.
3. A presidencia nomeará, entre o persoal da dirección xeral competente en materia de montes, a unha persoa titular da secretaría, que a exercerá con voz e sen voto.

Artigo 4. *A presidencia*

1. A presidencia da Mesa da Madeira corresponde á persoa titular da dirección xeral competente en materia de montes.
2. As funcións da persoa titular da presidencia son:
 - a) Desempeñar a representación da Mesa da Madeira.
 - b) Acordar e promover a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día para o que terá en conta, no seu caso, as peticións das demais persoas membros formuladas coa suficiente antelación.
 - c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
 - d) Asegurar o cumprimento da normativa en vigor que resulte de aplicación ao caso concreto.
 - e) Visar as actas e certificacións expedidas pola secretaría da Mesa da Madeira.
 - f) Cantas outras sexan inherentes a súa condición de presidente/a.
3. En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, as funcións da presidencia serán exercidas pola persoa membro da consellería competente en materia de montes designada previamente pola súa persoa titular, por medio de delegación expresa.
4. Sempre e cando o estime oportuno, a presidencia poderá invitar a participar nas reunións da Mesa da Madeira a aquelas entidades ou persoas expertas na materia para o mellor



asesoramento nos temas concretos que se van debater. En ningún caso ditas persoas ou entidades ostentarán a condición de membros deste órgano colexiado.

Artigo 5. *Vogais*

A Mesa da Madeira estará integrada polas seguintes persoas que ostentarán a condición de vogais:

1. Cinco persoas en representación da Administración autonómica:

- a) A persoa titular da subdirección competente en materia de recursos e aproveitamentos forestais.
- b) A persoa titular da dirección do Centro de Investigación Forestal de Lourizán.
- c) A persoa titular da dirección do Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira de Galicia.
- d) Dúas persoas que teñan a condición de persoal da consellería competente en materia de montes designadas pola persoa titular da presidencia.

2. En representación dos axentes do sector madeireiro, nomeados a proposta das respectivas organizacións/asociacións mais representativas dentro da Comunidade Autónoma:

- a) Catro persoas, en representación das organizacións de propietarios forestais.
- b) Dúas persoas, en representación das empresas de servizos e produtos forestais.
- c) Catro persoas, en representación das organizacións de empresas e industrias de transformación de produtos forestais leñosos.

3. Para os efectos do disposto nesta orde terán a condición de organización mais representativa aquelas que teñan representación no Consello Forestal de Galicia.

Artigo 6. *Funcións das persoas vogais e réxime de substitución*

1. As funcións das persoas vogais son as seguintes:.

- a) Participar nos debates das sesións.
- b) Formular rogos e preguntas.



c) Cantas outras sexan inherentes á súa condición.

2. No exercicio das súas funcións as persoas vogais teñen dereito a recibir, cunha antelación mínima de 48 horas, a documentación da convocatoria, e a obter toda a información sobre os temas que figuren na orde do día, que deberá estar a disposición dos membros coa antelación referida, así como a dispor de toda a información precisa para cumprir as súas funcións.

3. Os vogais, en caso de ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, poderán ser substituídos polos seus suplentes se os houber.

Artigo 7. *A secretaría*

1. Corresponde á persoa titular da secretaría da Mesa da Madeira:

- a) Efectuar a convocatoria das sesións da Mesa da Madeira por orde da presidencia, así como as citacións aos seus membros.
- b) Recibir os actos de comunicacións dos membros coa Mesa da Madeira e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.
- c) Preparar o despacho dos asuntos e redactar e autorizar as actas das sesións.
- d) Custodiar a documentación da Mesa da Madeira.
- e) Cantas outras funcións sexan inherentes a súa condición de secretario.

2. A persoa titular da secretaría da Mesa da Madeira poderá dispoñer da asistencia de persoal técnico de apoio para o desenvolvemento das súas funcións.

3. No caso de ausencia, vacante, enfermidade ou outras causas que imposibiliten a súa asistencia, a persoa titular da secretaría será substituída por unha persoa que teña a condición de persoal funcionario da dirección xeral competente en materia de montes, designada pola presidencia da Mesa da Madeira.

Artigo 8. *Réxime de reunións*

A Mesa da Madeira reúne como mínimo unha vez ao ano, en sesión ordinaria, e con carácter extraordinario, sempre que o seu presidente o estime oportuno ou tres quintas partes (3/5)



da totalidade dos seus membros aleguen causa xustificada para manter unha reunión de carácter extraordinario.

Artigo 9. *Convocatorias*

1. As sesións, tanto ordinarias como extraordinarias, serán convocadas polo secretario por orde do presidente nun prazo mínimo de quince días naturais de antelación. No caso de reunións extraordinarias, estas poderán ser solicitadas por un mínimo de tres quintas partes (3/5) da totalidade dos membros da Mesa da Madeira, e a convocatoria realizarase dentro dos sete días naturais seguintes á solicitude e cunha antelación de dous días á celebración da sesión, e sempre e cando aleguen causa xustificada para a súa celebración. No caso de urxencia, as reunións extraordinarias pódense convocar cunha antelación de corenta e oito horas.

2. A convocatoria poderá efectuarse empregando o correo electrónico, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) O sistema de notificación electrónica acreditará a data e hora na que se produza a posta a disposición do interesado da convocatoria notificada, así como o acceso ao seu contido, momento a partir do que a notificación entenderase practicada a todos os efectos legais; en todo caso, presumirase que a notificación produciuse polo transcurso de vinte e catro horas, excluindo sábados, domingos e festivos, desde a posta a disposición do interesado da convocatoria notificada, salvo que, de oficio ou a instancia do destinatario, compróbase a imposibilidade técnica ou material de acceso.
- b) Todos os membros da Mesa da Madeira que teñan a condición de cargo público ou empregado público da Administración, de conformidade co establecido no artigo 5.1 da presente orde, serán notificados na súa dirección electrónica institucional correspondente. O resto de membros da Mesa da Madeira serán notificados electronicamente no enderezo de correo electrónico que sinala a tal efecto.

3. A comunicación de convocatoria deberá conter, como mínimo, a data e lugar onde se celebrará a sesión, o carácter ordinario ou extraordinario da mesma e a orde do día cos asuntos a tratarse. A este respecto a presidencia terá en conta as peticións dos demais membros da Mesa da Madeira que se formularan coa suficiente antelación, sendo incluídas na orde do día sempre e cando se consideren oportunas e acordes ás finalidades deste órgano colexiado.



Artigo 10. *Sesións*

1. As sesións da Mesa da Madeira celebraranse na data, hora e lugar indicados na comunicación de convocatoria.
2. Celebraranse en primeira convocatoria, cando estean presentes o presidente e o secretario, e a totalidade dos representantes dos membros relacionados no artigo 5 desta orde. De non existir este quórum, a sesión celebrase en segunda convocatoria sempre e cando estean presentes o presidente e o secretario e, polo menos, máis da metade dos representantes dos membros relacionados no devandito artigo.
3. Non será obxecto de deliberación ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros deste órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.
4. Quen acredite a titularidade dun interese lexítimo poderá dirixirse á secretaría da Mesa da Madeira para que lle expida certificación das conclusións e iniciativas adoptadas no seo da Mesa da Madeira.

Disposición adicional primeira. *Adscrición administrativa*

A Mesa da Madeira intégrase na Consellería competente en materia de montes, aínda que sen participar na súa estrutura xerárquica.

Disposición adicional segunda. *Non incremento do gasto público*

As medidas incluídas na presente disposición non suporán incremento do gasto público.

Disposición derradeira terceira. *Remisión normativa*

Nos aspectos non contidos nesta orde aplicaranse o disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia para os órganos colexiados, e, supletoriamente, o disposto pola lexislación básica estatal en materia de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.



Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente orde.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase a persoa titular da dirección xeral competente en materia de montes para ditar cantas resolucións e instrucións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,de.....de dous mil dezaseis

Ángeles Vázquez Mejuto

Conselleira do Medio Rural